



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Aprobación do Regulamento do fondo de acción social do persoal do Concello de Arteixo

ANUNCIO

Téndose adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2025, acordo de aprobación por unanimidade do Regulamento do fondo de acción social do persoal do Concello de Arteixo, procédese a súa publicación aos efectos oportunos e para xeral coñecemento.

“9. APROBACIÓN DO NOVO REGULAMENTO DE XESTIÓN DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE ARTEIXO

<<...>>

PRIMEIRO.- Aprobar o novo Regulamento do fondo de acción social para persoas traballadoras do Concello de Arteixo segundo a proposta conxunta aprobada por unanimidade en Mesa xeral de negociación de materias común que se achega á presente.

SEGUNDO.- Derogar os artigos 17 e 21 do Convenio de persoal laboral d Concello de Arteixo e dos artigos 25 ao 31, ambos inclusive, do Acordo regulador de condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Arteixo para implementación do novo Regulamento do fondo de acción social para persoal traballadoras do Concello de Arteixo:

- Convenio colectivo de persoal laboral do Concello de Arteixo, aprobado en sesión plenaria de 29/05/1997 (BOP da Coruña nº 192 de data 22/08/1997). Capítulo V: derogar artigos 17.1, 17.2, 17.3, 17.4, 17.5, 17.6 e 21.
- Acordo regulador de condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Arteixo, aprobado en sesión plenaria de 25/06/1998 (BOP da Coruña nº 173 de 30/07/1998). Capítulo VI: derogar artigos 25, 26, 27, 28, 29, 30 e 31.

TERCEIRO.- Proceder á publicación no BOP da Coruña do acordo adoptado co texto íntegro do novo Regulamento do fondo de acción social para persoal traballadoras do Concello de Arteixo e demais trámites procedentes incluíndo a máxima difusión entre o persoal municipal.

Arteixo, 5 de novembro de 2025

Asinado: Carlos Calvelo Martinez (Alcalde-Presidente)

ANEXO: REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE ARTEIXO

A natureza do fondo de acción social é a de implementar un sistema de axudas de custo sobre gastos sociais non cubertos pola Seguridade Social para o persoal municipal, a través dun sistema de reparto con criterio solidario de discriminación positiva.

Tal sistema de reparto favorece ao persoal público municipal con menor renda per cápita, determinando a tal efecto, uns intervalos de renda directamente relacionados con porcentaxes, a aplicar sobre o importe máximo posible a percibir segundo a totalidade de axudas presentadas.

O Concello de Arteixo asignará anualmente nos orzamentos municipais unha cantidade global para xestión do fondo de acción social, coa finalidade de subvencionar determinados gastos do persoal municipal non cubertos pola seguridade social determinados no presente e de conformidade aos límites que sexan determinados polas respectivas Leis de Orzamentos do Estado.

No suposto da desaparición das actuais limitacións dos créditos globais neste concepto no marco legal de aplicación, a consignación de crédito orzamentario será incrementado segundo os máximos posibilitados polo referido marco legal e, de resultar posible, co incremento proporcional segundo o crecemento da plantilla municipal en relación á anterior anualidade a 31 de decembro.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- Ámbito persoal de aplicación

Artigo 2º.- Solicitudes

Artigo 3º.- Prazo de presentación de solicitudes e procedemento

Artigo 4º.- Documentación

Artigo 5º.- Causas xerais de exclusión

Artigo 6º.- Penalización

Artigo 7º.- Criterios de distribución

Artigo 8º.- Incompatibilidade de percepción doutras axudas

Artigo 9º.- Consignación orzamentaria

Artigo 10º.- Modificacións das actuais limitacións orzamentarias gasto social

CAPÍTULO II.- AXUDA ECONÓMICA POR DISCAPACIDADE

Artigo 11º.- Alcance

Artigo 12º.- Documentación

Artigo 13º.- Importe da axuda

Artigo 14º.- Revisión e/ou modificación

CAPÍTULO III.- AXUDA ECONÓMICA POR BOLSA DE ESTUDOS

Artigo 15º.- Alcance

Artigo 16º.- Documentación

CAPÍTULO IV.- AXUDA ECONÓMICA POR ESCOLAS INFANTÍS DE PRIMEIRO CICLO

Artigo 17º.- Alcance

CAPÍTULO V.- AXUDA ECONÓMICA POR ODONTOLOXÍA, OFTALMOLOXÍA, OTORRINOLARINGOLOXÍA E ENFERMIDADE ODONTOLOXÍA

Artigo 18º.- Alcance

Artigo 19º.- Documentación

OFTALMOLOXÍA

Artigo 20º.- Alcance

Artigo 21º.- Documentación

OTORRINOLARINGOLOXÍA

Artigo 22º.- Alcance

Artigo 23º.- Documentación

CAPÍTULO VI.- AXUDAS POR ENFERMIDADE

Artigo 24º.- Alcance

Artigo 25º.- Documentación

CAPÍTULO VII.- AXUDAS POR SITUACIÓNS DE IMPREVISIBILIDADE ENFERMIDADE

Artigo 26º.- Alcance e tipoloxía

CAPÍTULO VIII.- ANTICIPOS REINTEGRABLES

Artigo 27º.- Anticipos reintegrables de 1, 2, 3 ou 4 mensualidades

Artigo 28º.- Outros anticipos

CAPÍTULO IX.- COMISIÓN PARITARIA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL

CAPÍTULO X.- NORMAL FINAL E RECURSOS

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- Ámbito persoal de aplicación

1.1. PERSOAS BENEFICIARIAS DIRECTAS:

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas do fondo de acción social, baixo a denominación de persoas beneficiarias directas:

- a) As/os empregadas/os públicos do Concello de Arteixo que presten servizos nesta Administración no período de referencia do fondo sempre que ocupen praza correspondente a un posto da RPT desta Administración de persoal laboral ou funcionario, cunha antigüidade mínima de 12 meses de prestación de servizos continuados no Concello de Arteixo cumpridos na data de expiración do prazo de solicitudes establecido en cada convocatoria anual
- b) O restante persoal municipal laboral ou funcionario fora de RPT, isto é persoal funcionario interino ou laboral de substitución de traballadoras/es con reserva de posto, temporais/interinos por programa/proxecto ou persoal temporal por subvención supramunicipal (excluídas/os aquelas/es con vínculo laboral realizado ao abeiro de programas de fomento de emprego), que contén cunha antigüidade mínima de 12 meses de prestación de servizos continuados no Concello de Arteixo cumpridos na data de expiración do prazo de solicitudes establecido en cada convocatoria anual
- c) O persoal que obtivese a xubilación ou que fose declarado nunha situación de incapacidade permanente ou gran invalidez (así como os membros da súa unidade familiar coa condición de beneficiarios indirectos segundo o descrito no seguinte apartado) durante o período ao que se refira a convocatoria das axudas do ano no que se produciron tales situacións, prorrateándose os importes resultantes de conformidade aos meses traballados nesa anualidade

No caso de que a/o solicitante incluída/o no ámbito de aplicación deste Acordo non prestase servizos o ano completo ao que se refire a convocatoria das axudas económicas, a axuda que percibirá terá un importe directamente proporcional ao tempo traballado, debendo acreditar a incompatibilidade de axudas noutra Administración, de ser o caso.

O mesmo será aplicable ao persoal beneficiario que prestase servizos a xornada reducida, que percibirá un importe directamente proporcional á xornada realizada, agás os supostos de redución por motivos de conciliación familiar.

Exclusións:

- O persoal eventual de confianza e o persoal político, estea integrado ou non no réxime da Seguridade Social
- O persoal funcionario interino ou laboral temporal dependente de subvencións con vínculo realizado ao abeiro de programas de fomento de emprego
- O persoal de contratas, subcontratas, concesións, organismos autónomos, empresas e sociedades mercantís e calquera outros procedentes de fórmulas de xestión directa ou indirecta dos servizos públicos municipais que non estean integrados na RPT municipal do Concello de Arteixo
- O persoal municipal que ocupa praza de plantilla pero non prestou servizos nesta Administración no período de referencia (por atoparse en comisións de servizos noutra Administración, servizos noutra Administración ou análogos)

- O persoal municipal que ocupa praza de plantilla que se atope en situación de excedencia voluntaria por interese particular durante toda a anualidade de referencia das axudas (no caso de prestar servizos nunha parte do ano, aplicárase a proporcionalidade establecida no artigo 1.1.c) parágrafo final), agás o persoal en situación de excedencia voluntaria por motivos de conciliación familiar

1.2. PERSOAS BENEFICIARIAS INDIRECTAS

Poderán ser beneficiarias/os do fondo de acción social os membros da unidade familiar da persoa beneficiaria directa (empregadas/os públicos do Concello de Arteixo segundo o descrito no apartado anterior) sendo estas/es beneficiarias/os indirectas/os, as/os seguintes:

- A/p cónxuxe ou parella de feito inscrita no rexistro correspondente, que acredite dependencia económica da/o empregada/o municipal -beneficiaria/o directa/o- que non acadara rendas anuais superiores ao salario mínimo interprofesional determinado para a anualidade á que se refire a solicitude.
- As/os fillas/os (e orfas/os menores de 25 anos) que convivan no domicilio familiar como residencia oficial que acrediten dependencia económica e que non acadaran rendas anuais superiores ao salario mínimo interprofesional, nos seguintes supostos:
 - Non teñan cumpridos 16 anos no ano ao que se refire a convocatoria
 - Maiores de 16 anos e menores de 25 anos, no ano ao que se refire a convocatoria
 - Maiores con 25 ou mais anos, no ano ao que se refire a convocatoria, cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %

No caso de que dous proxenitores/familiares sexan beneficiarias/os directas/os, as axudas solicitadas para as persoas beneficiarias indirectas serán calculadas ao 50 % do importe correspondente, segundo a porcentaxe do intervalo retributivo de cada unha delas.

No suposto de beneficiarias/os indirectas/os (fillas/os e orfas/os) que non convivan no domicilio da persoa beneficiaria directa (traballadora/or municipal) por cuestións de custodia e análogos, deberase aportar acordo de separación, sentenza xudicial ou análogo.

2º.- Solicitudes

2.1. O importe máximo de percepción de axudas de cada anualidade para cada persoa empregada municipal é de 1.500 € (considerando todas as súas solicitudes como beneficiaria/o directa/o e solicitudes das/os súas/seus beneficiarias/os indirectas/os) quedando excluídas deste límite anual ás axudas de discapacidade/diversidade funcional e as de imprevisibilidade.

As solicitudes das axudas formularanse polas/os empregadas/os municipais (persoas beneficiarias directas) ou, se fose o caso, polas/os orfas/os menores de 25 anos (ou polos seus titores legais de ser o caso), todos eles no modelo establecido (aprobado como Anexo I do presente), facendo constar o tipo de axuda solicitada e para quen se solicita, achegando toda a documentación esixida, no rexistro electrónico (sede electrónica), de conformidade ao establecido polo artigo 14.2 e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.2. Nos casos de fillas/os será persoa beneficiaria directa a persoa que exerza a tutela (ou garda legal nos casos de acollemento familiar)

2.3. A presentación da solicitude implica a aceptación das condicións establecidas na presente Acordo e a asunción por parte da persoa solicitante da veracidade e exactitude das declaracións e documentación aportada.

Artigo 3º.- Prazo de presentación de solicitudes e procedemento

3.1. Establécese un único prazo para a entrega de solicitudes e documentación necesaria para a súa tramitación, que comprende o período que vai do 1 ao 31 de xaneiro de cada ano, en relación aos gastos do ano natural anterior (gastos realizados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro).

De oficio, o departamento de Persoal e RR.HH. ou departamento xestor do fondo social, anexará a dita solicitude o certificado de Facenda (a través de expresa autorización de acceso a tales datos asinada por todos os membros da unidade familiar) da anualidade correspondente de cada persoa beneficiaria directa.

No suposto de non autorizar o acceso aos datos de Facenda de todos os membros da unidade familiar, as persoas solicitantes deberán achegar o certificado de Facenda da anualidade correspondente (ano fiscal anterior) de todos os membros da unidade familiar ou certificado negativo de non percibir rendas ou ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional (SMI) ou certificado negativo de Facenda de percepción de rendas suxeitas a tributación e certificado do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) de non percepción de axuda ou subsidio algún.

3.2. Procedemento

a) Recibidas todas as solicitudes tras o remate do prazo de presentación, o departamento de Persoal e RR.HH. ou departamento xestor a quen se lle encomende, emitirá no prazo máximo dun mes, un primeiro Informe coa listaxe de solicitantes, concepto e importe total xustificado documentalmente e, de ser posible, proposta provisional de importe máximo desa anualidade segundo os créditos dispoñibles en aplicación da fórmula descrita no presente, así como proposta do importe correspondente segundo porcentaxe aplicable en base aos datos da Facenda de todos os membros da unidade familiar da anualidade correspondente.

As solicitudes desistidas non contarán na fórmula de determinación de importe máximo desa anualidade.

A Comisión paritaria emitirá un primeiro ditame provisional, asumindo e/ou modificando a proposta do departamento de Persoal e RR.HH. (ou departamento xestor a quen se lle encomende) tanto no relativo á necesidade de subsanación de solicitudes, determinación provisional do importe máximo por fórmula, importes propostos segundo certificado de Facenda e/ou resolución de calquera cuestión incidental que puidera xurdir en interpretación do presente.

b) Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados neste Acordo, a Comisión paritaria a través do ditame provisional requiriralle á persoa interesada, na forma establecida no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerárase desistida da súa petición.

No suposto de non existir solicitudes a subsanar, o ditame provisional será elevado a definitivo e publicado na sede electrónica e, complementariamente remitido por email interno corporativo, cos datos persoais protexidos. No suposto de existir solicitudes a subsanar, transcorrido o prazo establecido, a Comisión paritaria emitirá un ditame definitivo, que será igualmente publicado na sede electrónica e remitido por email interno corporativo, cos datos persoais protexidos. Paralelamente ambos ditames serán remitidos aos taboleiros de anuncios dos centros de traballo/servizos onde se constata a existencia de persoal sen email corporativo.

Será competencia da representación sindical da Comisión paritaria atender calquera dúbida, consulta e/ou requirimento das persoas beneficiarias en relación tanto ao ditame provisional como definitivo, así como velar pola maior difusión da información, coas garantías de sivilo sindical que se lles atribúen legalmente.

O ditame definitivo, con toda a documentación do expediente será remitido á intervención municipal para súa fiscalización e emisión de informe no prazo máximo dun mes.

O departamento de Persoal e RR.HH. ou departamento xestor de nómina, incorporará en nómina os importes do fondo de acción social na mesma mensuralidade de recepción do expediente final, se tal recepción se produce antes do día 10 e, na seguinte mensuralidade se a recepción ten lugar en data posterior.

Artigo 4º.- Documentación

As persoas solicitantes deberán aportar xunto co modelo de solicitude do Anexo I e Anexo II do presente, ademais da documentación específica de cada tipo de axuda, de ser o caso, a seguinte documentación xeral:

1. No suposto de non asinar a autorización para acceso aos datos de Facenda de todos os membros da unidade familiar, as persoas solicitantes deberán achegar o certificado de Facenda da anualidade correspondente (ano fiscal anterior) de todos os membros da unidade familiar ou certificado negativo de non percibir rendas ou ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional (SMI) ou certificado negativo de Facenda de percepción de rendas suxeitas a tributación e certificado do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) de non percepción de axuda ou subsidio algún.
2. Certificado de empadronamento de todos os membros da unidade familiar con referencia temporal de toda a anualidade correspondente (no caso de que unha persoa beneficiaria indirecta non estea empadroadada durante toda a anualidade de referencia, aplicarase a proporcionalidade temporal correspondente establecida neste acordo). No suposto de beneficiarias/os indirectas/os (fillas/os) que convivan ou non no domicilio da persoa beneficiaria directa (empregada/o municipal) por cuestións de custodia e análogos, deberase aportar acordo de separación, sentenza xudicial ou análogo.

Enténdese por unidade familiar as persoas unidas á/ao solicitante por relación de matrimonio e/ou parella de feito, ascendentes en situación de dependencia, descendentes (menores de 25 anos) e/ou menores de 18 anos en situación de acollemento familiar ou garda legal.

3. Libro de familia ou actual documento análogo ou, de ser o caso, certificado de inscrición no rexistro de parella de feito (aportárase unicamente a primeira vez, salvo variacións).

4. Facturas oficiais no que conste claramente os datos persoais (nome, apelidos, DNI e domicilio) o concepto detallado do gasto, a data de emisión de factura e os datos completos da empresa (nome, razón social, enderezo, CIF e numero de factura).

No caso de que algún dos membros da unidade familiar percibise, ou vaia percibir, axudas económicas polo mesmo concepto ou análoga finalidade que as desenvolvidas no presente Acordo, deberá presentar certificación ou outro documento acreditativo do importe da axuda recibida.

No suposto de percibir a mencionada axuda con posterioridade á establecida no presente Acordo, deberá comunicarse da mesma forma.

Artigo 5º.- Causas xerais de exclusión

Serán causas de exclusión das axudas económicas, entre outras, as seguintes:

- a) Presentar a solicitude fóra de prazo
- b) Non presentar a documentación requirida dentro do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo da súa emenda, de conformidade co artigo 3.2.b)
- c) Non cumprir os requisitos esixidos neste Acordo
- d) A falsidade ou ocultación, debidamente probada, de datos ou documentos
- e) Que a persoa causante do gasto non forme parte da unidade familiar e/ou se constate que non convive no enderezo da persoa beneficiaria directa
- f) Existir separación xudicial do matrimonio ou disolución da parella de feito cando se solicite axuda económica por gastos de cónxuxe ou parella de feito
- g) Non comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que calquera dos membros da unidade familiar perciba axudas de outras entidades, públicas ou privadas, polo mesmo concepto ou análoga finalidade, con excepción dos supostos de axudas por diversidade funcional ou dependencia e sen prexuízo da aplicación do previsto no artigo 6.2.

Artigo 6º.- Penalización

6.1. A Comisión paritaria encomendada do ditame das diversas axudas do fondo social poderá denegar as mesmas cando se detecte unha manifesta ocultación, falseamento de datos ou documentación relativa ás axudas solicitadas, que resultase determinante para a concesión e/ou fixación da contía, con proposta de penalización de 5 anos de exclusión da solicitude e percepción de calquera tipo de axuda do fondo de acción social.

Tal resolución da comisión paritaria, notificarase á persoa solicitante (beneficiaria/o directa/o) co réxime de recursos procedentes, sen prexuízo de que no suposto de detectarse no ditame provisional, poderá facilitarse un trámite de audiencia á/ao interesada/o de dez días hábiles dende o seguinte ao da notificación, para contrastar ou xustificar a cuestionada documentación, falsidade ou ocultación de datos antes do ditame definitivo.

6.2. Así mesmo, de detectarse tal falseamento ou ocultación con posterioridade ao decheño da axuda e/ou con afectación de axudas anteriormente percibidas, as persoas beneficiarias estarán obrigadas ao reintegro do importe das axudas percibidas indebidamente nun prazo máximo de 3 meses dende a notificación procedente, con perda do dereito a percibir calquera das axudas económicas descritas na presente Acordo en tanto non se produza este reintegro e sen prexuízo da penalización establecida no apartado 6.1.

6.3. O prazo de 5 anos de exclusión do fondo de acción social comezará a contar dende o momento da notificación de denegación da solicitude ou notificación de obriga de devolución das cantidades indebidamente percibidas, sen prexuízo da súa aplicación inmediata.

Artigo 7º.- Criterios de distribución das axudas

7.1. O Regulamento do fondo de acción social entende necesario o reforzo da finalidade social das diversas tipoloxías de axudas a través da articulación dun sistema de distribución inversamente proporcional aos intervalos segundo a renda per capita da/o solicitante, determinando anualmente un importe máximo a percibir por totalidade de axudas solicitadas que cumpran os requisitos de concesión, de todas as persoas solicitantes e aplicando o reparto por porcentaxes segundo intervalos da renda (ver táboa de tramos).

TRAMO		% TOPE
0	15000	100%
15000,01	16500	95%
16500,01	18000	90%
18000,01	19500	85%
19500,01	21000	80%
21000,01	22500	75%
22500,01	24000	70%
24000,01	25500	65%
25500,01	27000	60%
27000,01	28500	55%
28500,01	30000	50%
30000,01	31500	45%
31500,01	33000	40%
33000,01	34500	35%
34500,01	36000	30%
36000,01	37500	25%
37500,01	39000	20%
39000,01	40500	15%
40500,01	42000	10%
42000,01	43500	5%
43500,01	100000	1%

(Figura 1 – táboa tramos de reparto e porcentaxe)

Para calcular a renda per cápita do solicitante segundo o IRPF, sumarase a BASE IMPOÑIBLE XERAL (en modelo actual casilla 435) e a BASE IMPOÑIBLE DO AFORRO (en modelo actual casilla 460), e restaráselle a este sumatorio a cuota resultante da autoliquidación (en modelo actual casilla 595) da declaración da renda ou, de ser o caso, do certificado do IRPF, obtendo así a renda familiar, logo divídese este resultado entre o número total de membros da unidade familiar acreditados segundo padrón (e/ou outra documentación establecida/requirida).

Para este cálculo, soamente teranse en conta as rendas da/o solicitante e demais membros da unidade familiar que superen o salario mínimo interprofesional (SMI).

Os tramos de renda per cápita para o reparto do fondo social vai desde un intervalo mínimo de 15.000 €, con correspondencia dun 100% e en intervalos de 1.500 € en 1.500 €, ata un intervalo retributivo máximo de 43.500,01 € ata 100.000 € con correspondencia dun 1 %.

7.2. O importe máximo que se perciba en concepto de axuda económica por todos os conceptos subvencionables non poderá ser superior ao importe do gasto realizado nin superar en ningún caso o importe que como máximo sexa determinado anualmente por persoa beneficiaria, excepto nos casos de axudas por enfermidade, diversidade funcional/discapacidade, e axudas por situacións de imprevisibilidade.

7.3. Formula de determinación anual de importe máximo

O importe correspondente a percibir calcularase a través da seguinte fórmula:

Para a determinación do importe máximo inicial aplicarase a seguinte fórmula: á cantidade total orzamentada restaráselle o crédito necesario do coste de axudas de discapacidade/diversidade (AXDIV) e o crédito que a Comisión paritaria acorde cada anualidade que se reserva para axudas de emerxencia de situacións imprevisibles, este capital resultante será dividido entre o número total de solicitudes excluindo as desistidas e as que non cumpran os requisitos contemplados no presente regulamento, dando como resultado un importe inicial a repartir, sobre este importe calcularase as porcentaxes que lle corresponde a cada grupo salarial e posteriormente os restos de capital serán repartidos proporcionalmente, ata que o resto resultante sexa inferior a 500 €. No suposto de que ao longo da anualidade o crédito reservado para axudas de emerxencia de situacións imprevisibles non sexa utilizado e, no suposto de resultar legalmente inviable que dito excedente de crédito sexa incorporado á partida de acción social da seguinte anualidade, repartirase entre as persoas beneficiarias da axuda por discapacidade/diversidade.

7.4. A comisión paritaria de axudas sociais queda competencialmente capacitada para modificación das porcentaxes recollidos en cada un dos intervalos retributivos no suposto de que, nalgún momento se perda a lóxica interna de reparto que non é outra que a correspondencia do 100 % do máximo de axuda para o primeiro intervalo retributivo de nivel inferior (correspondente a menos do dobre do salario mínimo interprofesional) e o 1 % para o intervalo retributivo de nivel superior. Neste caso, sempre se modificará atendendo ó criterio inversamente proporcional en relación aos intervalos retributivos que impera no presente regulamento.

7.5. O departamento de Persoal e RR.HH. (ou departamento xestor a quen se lle encomende) e mesmo a Comisión paritaria traballará do documento excel deste Regulamento (Anexo III) ou análogo instrumento de cálculo automático de importes segundo intervalo retributivo de cada solicitante e importe total solicitado correctamente por todos os conceptos deste fondo de axuda social.

Artigo 8º.- Incompatibilidade de percepción doutras axudas

8.1. No suposto de percepción de axuda económica, subvención ou bolsa de estudos polo mesmo concepto ou análoga finalidade por parte doutra entidade, pública ou privada, se o importe daquela fose inferior ao que corresponda pola aplicación do presente Acordo, terase dereito á percepción desta, deducindo o importe recibido polo mesmo concepto.

Non se terán en conta estas axudas no caso das concedidas por diversidade funcional e dependencia.

8.2. No caso de percibir as axudas económicas ou subvencións previstas no número anterior con posterioridade ao abono das axudas establecidas no presente Acordo, descontaríase o importe daquelas dos importes que percibirá a unidade familiar nas seguintes convocatorias.

Artigo 9º.- Consignación orzamentaria

O Concello de Arteixo asignará anualmente nos orzamentos municipais unha cantidade global para xestión do fondo de acción social no Capítulo 1, coa finalidade de subvencionar determinados gastos do persoal municipal non cubertos pola Seguridade Social determinados no presente e de conformidade aos límites que sexan determinados polas respectivas Leis de Orzamentos do Estado.

Os créditos globais consignados inicialmente no Capítulo 1 do Orzamento municipal 2025 para axudas sociais son de 60.000 €, cunha referencia de plantilla de 267 prazas (143 prazas de persoal funcionario e 124 prazas de persoal laboral) aos que cabe engadir 11 postos de persoal de proxectos/programa no 2025.

Os anticipos reintegrables regulados no presente no Capítulo VIII, non conforman axudas contra crédito do fondo social do Capítulo 1, senón que corresponden á partida de “préstamos a curto prazo” do Capítulo 8 do Orzamento municipal, cunha dotación de crédito de 40.000 € na actualidade.

Artigo 10º.- Modificacións actuais limitacións orzamentarias gasto social

No suposto da desaparición das actuais limitacións dos créditos globais neste concepto de acción social no marco legal de aplicación, a consignación de crédito orzamentario será incrementado co incremento proporcional segundo o crecemento da plantilla municipal en relación á anterior anualidade a 31 de decembro. Os créditos globais do fondo de acción social non serán minorados en ningún caso, nin sequera no suposto de diminución do número de efectivos en plantilla.

CAPÍTULO II.- AXUDA ECONÓMICA POR DISCAPACIDADE/DIVERSIDADE FUNCIONAL

Artigo 11º.- Alcance

Poderán optar a estas axudas as/os fillas/os e orfas/os menores de 25 anos, incluídas no ámbito de aplicación do presente Acordo cos requisitos de beneficiarias/os indirectas/os, afectadas por unha discapacidade/diversidade funcional do 33 % ou superior.

Artigo 12º.- Documentación

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uníranse a esta, ademais da documentación obrigatoria establecida no artigo 4º, a seguinte:

- a. Certificación actualizada do grao de discapacidade, expedido polo organismo da Comunidade Autónoma que posúa a competencia, con referencia á anualidade de solicitude
- b. Para as/os maiores de 16 anos, Declaración xurada de dependencia económica acompañada do Anexo II descrito no seguinte apartado e certificado negativo de Facenda de non percibir rendas ou ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional (SMI) ou certificado negativo de Facenda de percepción de rendas suxeitas a tributación e certificado do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) de non percepción de axuda ou subsidio algún

Artigo 13º.- Importe da axuda

O importe máximo que se percibirá en concepto desta axuda económica será de 90 € mensuais en 12 pagas: 1.080 € anuais por persoa beneficiaria sen aplicación do importe máximo anual segundo intervalo retributivo establecida cada anualidade e con independencia doutras axudas solicitadas ao abeiro das establecidas no presente.

No suposto de que o crédito reservado cada anualidade para axudas de situacións urxentes e imprevistas non sexa esgotado na anualidade correspondente e resulte legalmente inviable a súa acumulación ao crédito da seguinte anualidade orzamentaria, ditos créditos excedentarios serán repartidos entre as persoas beneficiarias da axuda de discapacidade no derradeiro mes do ano natural correspondente, sen que tal potencial incremento poda considerarse consolidado de cara ás seguintes anualidades.

Artigo 14º.- Revisión e/ou modificación

Dado o carácter mensual deste tipo de axuda, deberá solicitarse anualmente con documentación actualizada no período de referencia, aos efectos de verificación do mantemento ou modificación dos requisitos establecidos. De cambiar as circunstancias e/ou cumprimento de requisitos da mesma no momento do ditame definitivo, poderanse afectar as axudas mensuais percibidas nas mensualidades do ano en curso dende a mensuralidade de xaneiro.

CAPÍTULO III.- AXUDA ECONÓMICA POR BOLSA DE ESTUDOS

Artigo 15º.- Alcance

15.1. Inclúense neste concepto, o conxunto de gastos que puidesen producirse como consecuencia dos estudos en centros públicos que realice as persoas beneficiarias incluídas no ámbito de aplicación do presente, nun dos seguintes nivel de estudos:

- a. Educación infantil de segundo ciclo
- b. Educación primaria obrigatoria
- c. Educación secundaria obrigatoria, Bacharelato e Formación profesional básica, de grao medio ou superior, e curso de acceso á Universidade
- d. Estudos de grao en universidade, escolas técnicas ou conservatorios de carácter público

15.2. Quedan excluídos do fondo social as axudas por estudos universitarios cando a persoa beneficiaria directa ou indirecta xa teña adquirido dito grao con cargo ao fondo de acción social. Ademais, tamén quedan expresamente excluídos os doutoramentos, másters e cursos de especialización universitaria e análogos coa excepción dos imprescindibles establecidos por marco legal ou normativo para o exercicio da profesión, habilitantes e impartidos en centros públicos.

15.3. Esta axuda económica concederáse só sobre o nivel de estudos, carreira ou curso por ano ou, se fose o caso, por materias soltas, con referencia ao gasto por matrícula efectivamente realizado.

15.4. As axudas por estudos de grao de universidades, escolas técnicas e conservatorios concederáse unicamente na totalidade do importe correspondente en primeira matrícula, tanto nos casos de curso completo como no caso de asignaturas/materias soltas.

No caso de segunda e seguintes matrículas, non serán consideradas ao obxecto desta axuda social.

15.5. No caso dos proxectos de fin de carreira (así como as taxas por convalidación e/ou expedición dos títulos oficiais) computarase como gasto realizado segundo o importe da matrícula ou taxa que corresponda e sempre referido a estudos realizados en centros educativos públicos que se atopen en territorio do estado español.

Artigo 16º.- Documentación

Sen prexuízo da documentación xeral establecida no artigo 4º, aportarase inexcusablemente, a seguinte:

- a. O certificado de matrícula con especificación de importe e, no caso de estudos universitarios, Escolas técnicas e Conservatorios, copia da folia de liquidación das taxas de matrícula correspondente ao curso ou asignaturas/materias para o que se solicite a axuda económica
- b. Facturas de material escolar e/ou libros
- c. Non serán obxecto desta axuda o equipamento deportivo, roupa ou uniformes, salvo que formen parte do material escolar incluído nos supostos de ciclos de Formación Profesional. Tampouco serán obxecto desta axuda os gastos de residencias ou alugamento, as clases de apoio nin actividades extraescolares, transporte, seguro escolar, facturas de comedor escolar e gastos análogos

CAPÍTULO IV.- AXUDA ECONÓMICA POR ESCOLAS INFANTÍS DE PRIMEIRO CICLO

Artigo 17º.- Alcance

Dada a actual gratuidade das escolas infantís de primeiro ciclo, no momento actual non procede especificación desta axuda, ao non existir gastos de libros e/ou material escolar susceptibles de imputación ao fondo social. No suposto de non manterse tal gratuidade, aplicarase o establecido no artigo 16 do presente.

CAPÍTULO V.- AXUDA ECONÓMICA POR ODONTOLOXÍA, OFTALMOLOXÍA, OTORRINOLARINGOLOXÍA, ENFERMIDADE E OUTROS

ODONTOLOXÍA

Artigo 18º.- Alcance

Inclúense neste apartado os gastos por consulta e tratamentos odontolóxicos excluídos das prestacións da asistencia sanitaria da Seguridade Social, que non supoñan tratamentos estéticos.

Artigo 19º.- Documentación

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uniranse a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4º.1, a seguinte:

- a. Facturas orixinais desagregadas nas que deberá constar a denominación específica do tratamento e os datos da/o paciente
- b. No caso de tratamentos con pago fraccionado, deberase presentar o orzamento asinado que inclúa o importe total do tratamento xunto coas facturas correspondentes á contía aboada no ano ao que se refire a convocatoria, indicando que a factura corresponden ao pago parcial do tratamento ao que se refire o orzamento presentado
- c. O pago financiado de tratamentos terá a consideración de pago en efectivo

OFTALMOLOXÍA

Artigo 20º.- Alcance

20.1. Inclúense neste concepto os gastos realizados por consulta, tratamento e/ou adquisición, por informe de oftalmólogo ou optometrista colexiado, de elementos correctores da visión (lentes e lentes de contacto).

Artigo 21º.- Documentación

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4º.1, a seguinte:

- a. Informe de oftalmólogo ou optometrista colexiado
- b. Factura orixinal desagregada do gasto realizado, detallando o gasto imputado

OTORRINOLARINGOLOXÍA

Artigo 22º.- Alcance

22.1. Inclúense neste concepto os gastos realizados por consulta, tratamento e/ou adquisición, por prescripción médica, de tratamentos e elementos correctores da audición (audifonos). Inclúense ademais os gastos de reparación destes aparatos.

22.2. No caso de tratamentos e elementos correctores da audición con pago fraccionado, deberase presentar o orzamento asinado que inclúa o importe total do tratamento xunto coas facturas correspondentes á contía aboada no ano ao que se refire a convocatoria, indicando que a factura corresponden ao pago parcial do tratamento ao que se refire o orzamento presentado.

Artigo 23º.- Documentación

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais de documentación establecida no artigo 4º.1, a seguinte:

- a. Informe de facultativo médico colexiado, xustificativo da necesidade de tratamento, adquisición ou cambio
- b. Factura desagregada do gasto realizado

CAPÍTULO VI.- AXUDAS POR ENFERMIDADE

Artigo 24º.- Alcance

24.1. Inclúense neste concepto, con carácter xeral, os gastos por servizos e/ou tratamentos sanitarios excluídos das prestacións sanitarias da Seguridade Social, con prescripción facultativa, entre outros:

- a. Operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da visión, aportando informe médico
- b. Tratamentos ortoprotésicos e tratamentos rehabilitantes excluídos da Seguridade Social
- c. Vacinas
- d. Psicoloxía, psiquiatría, podoloxía, fisioterapia, logopedia e análogos tratamentos médicos nos que resulte acreditado medicamente a través do correspondente informe de facultativo sanitario, a súa necesidade ou a dificultade de asistencia polo servizo médico de saúde polas listas de agarda existentes, que se acreditará coa oportuna documentación de derivación médica e/ou inclusión en lista de agarda

Os tratamentos, intervencións e demais prestacións de natureza sanitaria aos que se refire este artigo, deberán de ser informados, con carácter preferente, por persoal facultativo do sistema público de saúde. En caso de negativa ou imposibilidade da obtención do citado informe, admitirase como medio idóneo o informe emitido por un facultativo médico colexiado.

24.2. Quedarían excluídos do anterior alcance:

- a. Operacións de estética, coa salvidade daquelas derivadas de tratamentos anteriores prescritos por facultativos médicos (próteses tras tratamentos oncolóxicos, intervencións reparadoras tras accidentes con hospitalización e análogos)
- b. Operacións oftalmolóxicas, salvo as incluídos no apartado 20.1).
- c. Prestacións cubertas total ou parcialmente pola Seguridade Social ou servizos sanitarios concertados
- d. Tratamentos ortoprotésicos incluídos na Seguridade Social
- e. Medicamentos
- f. Tratamentos de medicina alternativa en especialidades non recoñecidas pola carteira de servizos do sistema público de saúde
- g. Tratamentos de fertilidade

Artigo 25º.- Documentación

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais de documentación establecida no artigo 4º.1, a seguinte:

- a. Informe ou prescrición do facultativo médico colexiado correspondente, que xustifique a necesidade do servizo e/ou tratamento recibido
- b. Factura orixinal detallada dos gastos realizados

CAPÍTULO VII.- AXUDAS POR SITUACIÓN DE IMPREVISIBILIDADE

Artigo 26º.- Alcance

26.1. As persoas beneficiarias directas, laborais e funcionarias, poderán solicitar unha axuda económica por causas de imprevisibilidade, en calquera momento do ano e unha única vez ao longo da súa vida laboral, para afrontar situacións de emerxencia persoal urxente, que deberá ser apreciada discrecionalmente pola Comisión paritaria que a tal fin, reunirse con carácter de urxencia fora dos prazos ordinarios establecidos no presente regulamento para o ditame anual.

Esta axuda pola súa excepcionalidade poderá ser compatible con outras axudas destinadas ao mesmo, sempre que non superen a contía total asignada por persoa beneficiaria.

26.2. Tipoloxía: Aplicarase o fondo de axudas sociais para situacións de excepcionalidade e imprevisibilidade, entre outras de xeito enunciativo e non excluín-te, as seguintes situacións:

- Axudas a gastos extraordinarios asociados a situacións de discapacidade de persoas beneficiarias directas ou indirectas, debendo xustificarse o gasto realizado e a imprevisibilidade: Ata 500 € sen prexuízo do dereito ás axudas por discapacidade recollidas no presente regulamento
- Axudas e gastos extraordinarios asociados a violencia machista debidamente xustificadas conforme á lexislación vixente, ata o máximo de 1.000 €
- Axudas por acollemento familiar debidamente xustificadas, calquera que sexa a modalidade do mesmo, ata o máximo de 1.000 €
- Axudas relacionadas coa primeira vivenda para alugueiro, cando se dean situacións de urxencia por dación en pago no ano en curso de vivenda habitual (primeira vivenda), embargo no ano en curso de vivenda habitual (primeira vivenda), situación de notificación de desafuzamento da vivenda habitual (primeira vivenda), ata o máximo de 1.000 €
- Calquera outra que, a criterio discrecional e motivadamente poda ser apreciada pola Comisión paritaria debendo sempre xustificar o gasto realizado ou, o compromiso de gasto (presuposto ou factura proforma con posterior xustificación de gasto -factura oficial- realizado no prazo máximo de 3 meses dende a concesión) e limitándose ao importe máximo por persoa beneficiaria directa que resulte de aplicación

Este tipo de axudas, pola súa excepcionalidade concederanse, quedando supeditadas á aportación de tanta documentación determine a Comisión paritaria, a fin de motivar a urxencia e imprevisibilidade (informes de servizos sociais do concello de empadronamento, CIM, Sergas, xudiciais e análogos).

CAPÍTULO VIII.- ANTICIPOS REINTEGRABLES

Artigo 27º.- Procedemento solicitude anticipos reintegrables

27.1. As/os empregadas/os públicos do Concello de Arteixo que reúnan os requisitos establecidos no presente cara a súa consideración como beneficiarias/as directas/os poderán solicitar anticipos sobre o importe líquido da súa nómina sen que se xere tipo algún de interese e procedendo á devolución a través do correspondente desconto mensual en nómina, a partires da seguinte mensualidade da que se acredite o ingreso do anticipo.

Aínda que os anticipos reintegrables queden determinados no presente Regulamento, non constitúen axudas do fondo social contra crédito do Capítulo 1 orzamentario do fondo social, senón que serán imputables á partida de “préstamos a corto prazo” do Capítulo 8 orzamentario.

27.2. A contía dos anteditos anticipos poderá ser de unha, dúas, tres ou catro mensualidades, cos seguintes prazos de devolución:

- Dez meses para os anticipos dunha mensualidade
- Vinte meses para os anticipos de dúas mensualidades
- Trinta meses para os anticipos de tres mensualidades
- Corenta meses para os anticipos de catro mensualidades

27.3. Os anticipos de tres e catro mensualidades someteranse a ditame da comisión paritaria e serán concedidos exclusivamente para as seguintes finalidades:

- Gastos sanitarios
- Compra ou reparación de vehículo de titularidade da persoa beneficiaria directa
- Compra, reforma ou reparación de primeira vivenda
- Adquisición de moblaxe, electrodomésticos e análogos da primeira vivenda

27.4. A persoa beneficiaria directa que non tivera cancelado un anticipo anteriormente concedido cun prazo previo de un ano, non poderá ser perceptora dun novo anticipo, establecéndose polo tanto un período de carencia dun ano entre a cancelación dun anticipo e a solicitude do seguinte.

27.5. Os presupostos, facturas proforma e análogos utilizados para solicitude do anticipo, deberán completarse con factura oficial no prazo máximo de 3 meses dende a efectiva concesión e ingreso do anticipo. No caso de incumprimento a Comisión paritaria poderá aplicar o establecido nos artigos 5º, 6º e demais establecidos neste acordo.

27.6. Non poderán solicitarse nin concederse anticipos con devolución do número de mensualidades que corresponda quen, por razón de cumprimento da idade de xubilación ou data coñecida de fin de servizo, lle resten menos meses de servizo activo que prazos mensuais de devolución.

Así mesmo, quen cause baixa na Administración con carácter sobrevido por causa voluntaria ou forzosa, deberá reintegrar o montante total de devolución pendente no momento do remate do vínculo profesional co Concello sendo que, no caso contrario, incoarase expediente de devolución por vía de apremio polo importe restante de devolución, toda vez efectuado de oficio retención do máximo posible na liquidación da/s última/s nómina/s.

Artigo 28º.- Outros anticipos

Os anticipos dunha mensualidade son independentes do dereito de calquera traballadora/or da solicitude de adiamento de pago do importe líquido de nómina mensual, estando exceptuados do procedemento do presente Regulamento.

CAPÍTULO IX.- COMISIÓN PARITARIA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL

Corresponderá á Comisión paritaria de xestión do fondo de acción social o seguimento e interpretación do presente Regulamento, o ditame sobre proposta de resolución de alegacións, recursos e demais cuestións incidentais que podan presentarse, o seguimento dos expedientes anuais, así como a emisión do ditame de aprobación inicial e final anualmente.

Para o exercicio destas e análogas competencias, a Comisión paritaria poderá solicitar ao órgano competente (Concelleira/o delegada/o de persoal) a emisión de informes técnicos a calquera departamento municipal, que deberán despachalos no prazo improrrogable de 10 días hábiles dende a recepción de solicitude.

Dada a natureza do propio fondo de acción social e da documentación requirida, a Comisión paritaria extremará os procedementos de protección de datos e sivilo profesional sobre os datos, información e documentos que precisen para o exercicio das súas competencias.

A Comisión paritaria do fondo de acción social constituirase formalmente a través de explícita designación da Mesa xeral de negociación de materias comúns, sendo os seus membros designados do seguinte xeito:

- Presidenta/e: a/o Concelleira/o delegada/o en materia de persoal, réxime interior ou análogo, delegable en calquera outro membro que actúe en representación da Administración
- Secretaria/o: actuará con voz e sen voto, aos efectos de expedición de certificados de acordos e emisión de informes de asesoramento no marco das competencias profesionais: unha/un funcionaria/o do departamento de Persoal e RR.HH. ou da/o Secretaria/o Xeral ou de calquera outro, no seu caso.
- Vogais:
 - o Un número impar de membros en representación da Administración, cun máximo de 5 Concelleiras/os, contando con quen ostente a Presidencia, actuando con voto unitario
 - o Un número impar de membros en representación das persoas traballadoras, designadas/os no acordo de Mesa xeral de negociación de materias comúns cun máximo de 5, actuando con voto unitario. O voto unitario da representación sindical obterase segundo representatividade de cada un dos sindicatos que compoñen a Mesa xeral de negociación de materias común

Os membros designados nominativamente coma titulares poderán ser substituídos por calquera outro que ostente análoga condición, sen necesidade de designación nominativa previa, isto é, en representación da Administración: calquera Concelleira/o electa/o e, en representación das persoas empregadas públicas: calquera representante sindical electa/o ou persoal municipal en que deleguen.

Os ditames e acordos da Comisión adoptaranse por maioría simple, actuando no caso de discrepancia, dada a condición de voto unitario de cada unha das partes, o voto de calidade de quen ostente a Presidencia.

A Comisión paritaria poderá actuar e adoptar os acordos e ditames que considere, coa asistencia mínima e voto de quen exerza a Presidencia e mínimo dunha persoa en representación das/os traballadoras/es, debendo tamén asistir obrigatoriamente aínda que sen voto, quen exerza de Secretaria/o.

A Comisión paritaria, na convocatoria ordinaria anual, será convocada polo Presidenta/e cun mínimo de 10 días hábiles a contar do seguinte ao de posta a disposición da documentación procedente para o ditame anual inicial, incluíndo nesa documentación o Informe técnico do departamento de Persoal e RR.HH. ou departamento xestor a quen se lle encomende.

Determinarase nesa sesión o importe máximo correspondente a anualidade que corresponda, procedendo a establecer os máximos por intervalo de renda per cápita segundo as porcentaxes contidas neste Regulamento e procedendo nesa mesma sesión ao ditame inicial de importes das solicitudes e publicidade do mesmo, na sede electrónica e a través de email corporativo (con DNI capados) para xeral coñecemento das persoas solicitantes e demais segundo o procedemento establecido no artigo 3 do presente.

Toda vez finalizado o prazo de subsanación (10 días hábiles dende o día seguinte a publicación na sede electrónica) a Comisión reunirse novamente, cun prazo de preaviso da/o Presidenta/e de 48 horas hábiles, para emisión de ditame final.

As persoas solicitantes que, por circunstancias de baixa médica, permisos ou licenzas non accedan á información da sede electrónica ou email corporativo do ditame inicial e sendo requiridas para subsanación, no procedan á mesma no prazo establecido, entenderase que decaen no dereito da súa solicitude, salvo casos de forza maior que deberán ser acreditados e discrecional e excepcionalmente analizados pola Comisión paritaria.

Entenderase como causas de forza maior nestes supostos, de forma expositiva e non excluín-te, as situacións incapacitantes graves e constatables que impidan tal acceso á información (intervencións médicas graves, enfermidades graves, circunstancias persoais ou familiares graves ou ingresos hospitalarios, durante todo o prazo de subsanación e/ou circunstancias análogas). Tales excepcións non suspenderán a tramitación do expediente global de solicitudes sendo, no caso de proceder, postposto o ditame final da específica solicitude ate resolución da Comisión paritaria.

As persoas designadas como membros da Comisión paritaria actuarán como tales mentres ostenten a condición da súa representatividade, cargos electos da corporación ou representantes sindicais electos. De precisarse a actuación da Comisión paritaria do fondo de acción social durante un período postelectoral (eleccións municipais e/ou eleccións sindicais) os membros designados poderán actuar en funcións, ata constitución dunha nova Comisión paritaria a fin de non prexudicar intereses e dereitos das persoas empregadas públicas desta Administración.

CAPÍTULO X.- NORMAL FINAL E RECURSOS

O presente regulamento, así como cantos actos administrativos se deriven del, incluíndo a resolución final de cada anualidade de estimación/desestimación de axudas reguladas no fondo social e de calquera actuación e/ou ditame da Comisión paritaria, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ANEXO I: SOLICITUDE CON DECLARACIÓN XURADA

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:	
NIF/NIE:	Teléfono particular:
Departamento/Servizo na que está destinada/o:	Posto:

Estado civil:

Nome a apelidos do cónxuxe ou parella de feito:
Se vostede é pensionista de orfandade, indique o nome da/o empregada/o municipal que orixinou a pensión:

Datos de todos os membros da unidade familiar:

Parentesco solicitante	Nome a apelidos	NIF	Data nacemento	Autorización membros unidade familiar

Axudas que solicita:

- ☐ Odontoloxía ☐ Oftalmoloxía ☐ Otorrinoloxía ☐ Enfermidade
☐ Estudos ☐ Imprevisibilidade ☐ Discapacidade

A persoa solicitante declara que nin ela nin ningún membro da súa unidade familiar perciben ningún tipo de axuda económica doutra institución ou empresa.

MOI IMPORTANTE: É imprescindible a achega de documentación xustificativa para cada axuda. En caso contrario, sería causa de subsanación/exclusión.

Se ambos cónxuxes (ou parella de feito) traballan neste Concello, deberán asinar os dous.

Para a súa tranquilidade e seguridade, informámola/o de que, de conformidade co que dispón a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude pasarán a formar parte do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal OPENCERT, cuxa titularidade e responsabilidade lle corresponden xestionar ao Concello de Arteixo, con domicilio na praza de Alcalde Ramón Dopico, nº 1.

Este ficheiro ten como finalidade a xestión da información administrativa necesaria para tramitar os procedementos correspondentes. A sinatura deste documento implica que a persoa solicitante resulta informada e dá o seu consentimento para o tratamento dos seus datos coa finalidade mencionada, para cada caso concreto. En virtude da referida Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, a persoa solicitante ou, se for o caso, a súa/o seu representante legal, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos datos dirixíndose ao Concello de Arteixo, praza Alcalde Ramón Dopico, 1. tel.: 981 600 009.

Arteixo, _____ de _____ de 20__

ANEXO II: AUTORIZACIÓN DE PETICIÓN DE DATOS FISCAIS PARA A TRAMITACIÓN DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL

Autorización para que o Concello de Arteixo poida solicitar datos tributarios á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF) en relación á tramitación do fondo de acción social do persoal do Concello de Arteixo

A/s persoa/s que asina/n autoriza/n ao Concello de Arteixo a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control das axudas económicas.

Esta autorización outórgase para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto legislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

Información tributaria autorizada: datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 20__.

A. - Datos da persoa solicitante de axudas económicas que outorga a autorización.

Nome:	
Primeiro apelido:	Segundo apelido:
NIF/NIE:	Sinatura:

B.- Datos doutros membros da unidade familiar da/o solicitante que teñen ingresos que son computables para o recoñecemento, seguimento e control da axuda:

Parentesco solicitante	Nome a apelidos	NIF	Sinatura

Arteixo, _____ de _____ de 20__

ANEXO III

Modelo Excel para determinación de importe máximo anual e importes simulados segundo intervalos retributivos

(Os datos contidos nas táboas de traballo son ficticios tanto no número total de solicitantes como nos importes e tipoloxía de axudas solicitadas)

FONDO SOCIAL	60000
A REPARTIR	50440
CAPITAL RESERVADO A FINALISTAS POR DISCAPACIDAD	7560
CAPITAL RESRVADO A EMERGENCIAS	2000

TRAMO		% TOPE	nº solicitudes	asignacion inicial	ajuste restos 1	ajuste restos 2	ajuste restos 3	AJUSTE RESTOS 4	ASIGNACION FINAL
0	15000	100%	27	336,27	134,29	101,20	54,34	21,77	647,87
15000,01	16500	95%	6	319,45	127,58	96,14	51,63	20,69	615,48
16500,01	18000	90%	5	302,64	120,86	91,08	48,91	19,60	583,08
18000,01	19500	85%	16	285,83	114,15	86,02	46,19	18,51	550,69
19500,01	21000	80%	19	269,01	107,43	80,96	43,47	17,42	518,30
21000,01	22500	75%	2	252,20	100,72	75,90	40,76	16,33	485,90
22500,01	24000	70%	5	235,39	94,00	70,84	38,04	15,24	453,51
24000,01	25500	65%	15	218,57	87,29	65,78	35,32	14,15	421,12
25500,01	27000	60%	5	201,76	80,57	60,72	32,61	13,06	388,72
27000,01	28500	55%	12	184,95	73,86	55,66	29,89	11,98	356,33
28500,01	30000	50%	16	168,13	67,14	50,60	27,17	10,89	323,94
30000,01	31500	45%	5	151,32	60,43	45,54	24,45	9,80	291,54
31500,01	33000	40%	1	134,51	53,72	40,48	21,74	8,71	259,15
33000,01	34500	35%	0	117,69	47,00	35,42	19,02	7,62	226,75
34500,01	36000	30%	1	100,88	40,29	30,36	16,30	6,53	194,36
36000,01	37500	25%	5	84,07	33,57	25,30	13,59	5,44	161,97
37500,01	39000	20%	4	67,25	26,86	20,24	10,87	4,35	129,57
39000,01	40500	15%	1	50,44	20,14	15,18	8,15	3,27	97,18
40500,01	42000	10%	2	33,63	13,43	10,12	5,43	2,18	64,79
42000,01	43500	5%	1	16,81	6,71	5,06	2,72	1,09	32,39
43500,01	100000	1%	2	3,36	1,34	1,01	0,54	0,22	6,48
Nº SOLICITUDES			150						

2025/7284